



ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a **participación no fondo solidario de libros de texto** e se convocan **axudas para adquirir libros de texto e material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obligatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/2021.

A orde contempla :

O fondo solidario de libros de texto: alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP.

As axudas para adquirir libros de texto: alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (EE).

Aspectos relevantes da convocatoria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa **solicitud (anexo I)** a seguinte documentación:

a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) **Copia do libro de familia ou documento equivalente**, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Artigo 4. *Membros computables da unidade familiar*

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o tutor ou tutores do alumnado.



- b) Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos/das emancipados/as. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados/as ou incapacitados/as xudicialmente, sempre que estean suxeitos/as á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior